

# NUT TEATRO, S.L.



**"Aproveitamos unha porta aberta no mercado"**

*César Abella Vázquez / Carlos Neira Noya*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Compañía de teatro	
<b>Sector de actividade</b>	Servizos de ocio, diversión e cultura	
<b>Nº empregados</b>	6	
<b>Inversión inicial</b>	3.060 €	
<b>Financiamento inicial:</b>	A través de fondos propios	
<b>Web:</b>	<a href="http://www.nutteatro.com">www.nutteatro.com</a>	
<b>Municipio:</b>	Santiago de Compostela, A Coruña	<b>Ano creación:</b> 2006

## Descripción do proxecto

A empresa consiste na produción e distribución de espectáculos teatrais. Temos que deseñar, conceptualizar, producir e distribuír os nosos proxectos culturais sendo innovadores e competitivos dentro da industria teatral e escénica.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Consideramos que lanzamos o noso produto no momento adecuado. É un produto que funciona no mercado contemporáneo, a sociedade é máis aberta, hai cambios políticos.

Temos a posibilidade de cubrir certas necesidades no mercado do teatro.

Aproveitamos unha porta aberta.

### Situación actual

Creativamente o desenvolvemento da idea en moitas ocasións crea situacións de incerteza.

Polo demais, actualmente estamos ben, cumprindo o previsto. Recibimos o 50% de axuda institucional e o resto mediante préstamos bancarios que nos permite desenvolver o noso proxecto.

### Perfil cliente

Os nosos principais clientes son as administracións públicas, principalmente a través dos concellos e de la "Rede Galega de Teatros e Auditorios".



## Idea inicial

Os dous facemos unha boa conxunción. Un de nós aporta experiencia previa no sector das artes escénicas, e o outro, posúe experiencia empresarial na dirección dunha empresa de xestión cultural e turismo.

## Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades son de tipo económico, o diñeiro e o financiamento necesario.  
A dificultade de facer proxectos globais, integrais sobre todo senón cóntase cos medios necesarios.  
Ata que o produto teña a acolleita final é difícil o período de transición ata que a idea de proxecto chegue ao seu fin. Existe unha dificultade na transición de levar a cabo proxectos integrais.

## Perfil promotores

Carlos é licenciado en Arte Dramática polo Centro de Formación Teatral A Casona de Barcelona, ademais completou a súa formación en Amsterdam, México, Nova York e Berlín. É profesor e director nun centro de formación en teatro.  
César é licenciado en Historia da Arte e posúe formación en dirección de proxectos culturais e turísticos.

## Aptitudes necesarias

Hai que ter aptitudes relacionais, habilidades comunicativas e sobre todo hai que ter ganas.



## Guía de Actividad

**Artes escénicas** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións  
Saír do desemprego**

**A independencia que proporciona  
Demostrar aos demais as miñas  
capacidades  
Gañar cartos  
Ser o meu propio xefe**

### Formación

**¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

Non.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Consideramos importante recibir formación deste tipo.

### Anecdótico

Ambos somos complementarios. Eu –Carlos- apporto a creación, a xestión e a experiencia no sector. César aporta a dinámica dunha persoa máis nova e a enerxía necesaria para levar a cabo os seus proxectos.

